

Á MESA DO PARLAMENTO

Os deputados Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Juan M. Fajardo Recouso e a súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Cando está a piques de comezar a temporada de risco de incendios no país, o sindicato CIG denuncia o abandono por parte da Xunta de Galicia da base antiincendios de Vilanova, no Distrito III Valdeorras-Trives, e a Xunta deixa en desuso a base de Vilanova, que está no distrito XIII de Valdeorras. Unha base na que se investiron milleiros de euros e que hoxe non conta con helicóptero. Acontece, ademáis, que esta base abrangue un territorio moi amplo, montañoso e cheo de enclaves de gran valor natural como a Serra do Eixe, onde existen máis de 5000 hectáreas de piñeiro silvestre, a Serra da Enciña da Lastra, o Teixedal de Casaio, o Macizo Central ou as Ribeiras do Bibeí.

Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

- A que se debe o abandono, denunciado polo sindicato CIG, da base antiincendios de Vilanova?

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2016.

Asinado dixitalmente por:



Anton Sánchez García na data 07/07/2016 12:40:37

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/07/2016 12:40:44

Ramón Vázquez Díaz na data 07/07/2016 12:40:48

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 07/07/2016 12:40:51

Eva Solla Fernández na data 07/07/2016 12:40:56

Jose Javier Ron Fernandez na data 07/07/2016 12:41:01